

Crónica

Igual nin nevada

Vicente ARAGUAS



Enma Couceiro e Vicente Araguas

Eu viñera a Glasgow, daquela aínda unha cidade nada bucólica ou de deseño como hoxe, máis ben a cousa dura que vivira Cernuda quen deixou en *Ocnos* testemuño acedo da súa vivencia nela, para explicar español a un mangado de adolescentes que se nutrían de Marc Boland, Slade ou Gary Glitter, e que seguían o Celtic cunha paixón mística prendida polos avós irlandeses, ou sexa católicos, ou sexa feridos dun lóstrego verde malaquita, non sei, algo exótico para min que viña dun sur relativo. Chegara a Glasgow, ano 1972, cun pequeno pasado de cantautor, de suxeito que escribía textos que duraban un par de minutos, e que tiñan a obriga de reiterar a mensaxe, nada complicada, naturalmente, a través de retrousos que puidesen ser asimilados axiña por un público non demasiado esixente. Viñera a Glasgow e nos primeiros tempos adoitaba asistir a un pub chamado The Rock, onde falaba cos siareiros ou xogaba ao billar ou ollaba, ao principio apampado, logo xa coa mirada cansa de rutina, as tremendas peteneras que apañaba un colega, sobranceiro matemático, chamado Jimmy Farrell, se cadra aínda vivo, que a natureza compórtase de maneiras moi raras. Pero en The Rock, a miña segunda casa, eu tamén lía e escribía, arrolado pola escuma de cervexa Guinness, que viña de descubrir, e polo fume do tabaco que chamaban Number 6. Escribía prosas e versos,

versos que ían ser letras de cancións. Ata que un día, novembro escuro ben avanzado, dei en botar para adiante un non sei qué poético que nacía con música —que tivo e ten música— pero que, igualmente, semellaba ter vida propia, co que se cadra era algo máis que unha letra de canción, aínda que non deixase de sela, e daba entrada (ou iso pensaba eu) na categoría de poema. Estou falando do poema X do que remataría sendo un libro chamado, precisamente, *Paisaxe de Glasgow* (Editorial Castrelos, Vigo 1978). No exterior do pub caía esa noite un ceo branco riba do asfalto. Nevaba. Agora, en trasacordo, penso que igual nin nevaba, que era eu procurando unha referencia nova, a que viña de nacer con ese poema X, cousa de amor, maneira de querer ser outro.

Paisaxe de Glasgow esgotara axiña a súa primeira —e única— edición e tivera boas críticas de Carlos Casares e Celso Emilio Ferreiro, que subliñaban nel a súa vontade anoadora nunha poesía que andaba a facer tránsito entre os argumentos sociais e os novos mesteres que os tempos pedían. Con todo, este libro non desbotaba os camiños da belixerancia soamente que percorridos con diferentes técnicas. Se cadra tería tido maior resonancia de aparecer alá polo ano 74 que é cando se anunciara a súa saída en Castrelos. Botou catro anos a choutar nas librarías e iso que lamentei, sobre todo porque os poetas, e os escritores en xeral, precisan do pulo editor ao principio. A vintecinco anos vista penso que malia certas inxenuidades o libro non estaba mal e achegaba frescura nun panorama abondo canso, como teñen recoñecido críticos, como Henrique Monteagudo ou Miro Villar. Ao contrario hai quen non sinala o papel de *Paisaxe de Glasgow* á beira do xogado por Rompente ou Alfonso Pexegueiro. Cuestión de perspectivas. En todo caso, no interín, na espera da aparición do volume na rúa eu ía artellando outro libro, *Ás veces en domingo abunda coa tenrura* (Editorial Castrelos, Vigo 1980), que se desenvolvía entre Madrid, Cork e Edimburgo. De novo a xeografía, territorial e humana, como pretexto para un mangado de po-

emas no que o amor seguía sendo temática central. Xeografía e paisaxe, cidades e interiores, erotismo e tenrura como puntos centrais dunha poesía demorada/delongada coa que tentar bater na sensibilidade. Unha vez máis eu quería coñecerme e recoñecerme na miña poética.

Unha poética na que de vez en cando choutaban no aire escritores ou artistas amados, e que xa que logo tiñan influído na escrita practicada por min. Neste libro estaba John Donne pero tamén Léo Ferre e unha certa influencia da novela policíaca enguedellada nun certo aire tan criminal como surrealista. Deste xeito eu mostraba a miña proclividade polos seres de moitas pezas. Que eu non quería ser nin home nin poeta dunha soa peza.

En abril de 1979 naceu Ana Andrea e coherente coa miña certeza de que a poesía e a vida teñen que ir parellas escribín un feixe de poemas reflectindo as miñas sensacións daquela. Eses poemas darían pé a un libro chamado *Poemas pra Ana Andrea* (Editorial Analecta, Madrid 1982). O volume saíu en edición non venal, en edición moi fermosa debo dicir, con ilustracións de Amparo Baliño e Emilio Zaldívar, e un despregable central marabilloso de Gerard Vautherin, un señor francés que ao pintar facía poesía lírica, non sei, outra cousa. O libro non era nin de nenos nin para nenos, senon outra matriz da miña poética, decididamente aberta ao que fose saíndo, narrativa cando cumprise, épica por momentos e sempre coa billa do lírico aberta. *Poemas pra Ana Andrea* de puro non querer *ser* resultou un *estar* no meu mundo máis íntimo que por necesidade imperiosa de comunicación debía choutar ao exterior. Unha das súas mostras aparecería moito despois na fermosa escolma de Xosé María Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez chamada *O libro dos cen poemas* (Espiral Maior, A coruña, 2002), facendo desta maneira que o volume, tan persoal, transcendese ao menos nunha das súas partes. Pouco despois morrería Idí Amín Dadá, sátrapa de Uganda, e pequeno protagonista da historia por causa do seu derrocamento o ano, o mes, en que nacera Ana Andrea. E Amín ocupa o seu lugar, cativo pero exacto, no libro do que falo. O que me levaría a falar dos nomes propios na miña poesía, algo que foi mingando ao tempo que estaba avanzada mais que é un feito contrastable ao longo dela, se cadra coherente coa circunstancia de ser unha poética viva, tampouco do momento, e sen dúbida afastada dos procesos arqueolóxicos. En todo caso eis esta constatación pertinente e sulagada nun proceso que continúa baseándose no que existe e o poeta fagocita ata mudalo en materia propia. Como

asunto interno resulta o das orixes que non evitei no libro seguinte chamado *Xuvia* (Cadernos de Gadaña, Brais Pinto, Madrid, 1984). En *Xuvia* practiquei a teoría do retorno ao lugar que —por certo— nunca deixara. Xuvia é o espazo mítico, un territorio que oficialmente non existe e que de puro non ser é compartido por dous concellos, Neda e Narón, que se espallan ao longo da desembocadura dun río —O Grande de Xuvia— que dá orixe á Ría de Ferrol. Xuvia é, desde logo, o lugar onde medrei de neno facéndome adolescente e mesmo home feito, onde ameí por primeira vez e onde escribín os meus versos iniciáticos que acabei rachando nun arrebatamento sentimental, semellante ao que me fixera esbozalos. Escribín *Xuvia*, xa que logo, motivado por un desexo de devolver a quen tanto me dera un pouquiño do debido. E así foron reaparecendo paisaxes, xentes e cousas (e animais) nun ritmo demorado que ilustrara Siro con mestría e un ton lírico que nunca agradeceréi o suficiente. Eu non sei se o persoal chegou a entender este libro (o persoal foxe, lisca de todo aquilo que semelle localista, sendo así que por esa regra de tres habería que rexeitar a un xenio como James Joyce, reconstructor cáseque monograficamente do seu Dublín da nenez e adolescencia, en fin). Con *Xuvia*, como digo, volví ao punto de partida, en verso libre agás excepcións, e pensei de novo que a distancia, para desmentir definitivamente o bolearo, lonxe de ser o olvido, é un xeito de volver *ser* un, ou mellor aínda, de *estar* un. Logo de *Xuvia*, libro editado grazas á xenerosidade de Reimundo Patiño, quen morrería un ano despois de puro excederse con todos e con todo, entrei nunha fonda crise persoal da que saíría o meu libro máis dorido, *Caleidoscopio* (Edicións Río Xuvia, Xuvia-Neda, 1988), sobre todo no referido ao seu apartado «Exit», no que aparecen xentes, coñecidas ou non, no acto de bater con ruído a porta que leva ao exterior deste asunto apaixonado que chamamos vida. E é que nos anos anteriores, inmediatamente anteriores a xullo de 1987, andei mal, perplexo, confuso, sobre moitas cousas, tamén sobre aquelas estritamente literarias. Ese xullo as cuestións, físicas e anímicas, estourarían con violencia facendo un antes e un despois na miña vida. *Caleidoscopio*, a todo isto, serviría para encetar a boroa dun proxecto editorial, Río Xuvia, que compartín e comparto con Carlos Da Rubiña e aí está agardando tempos mellores (para a lírica). En 1987, acabado de saír da crise da que fixen mención, tiven a sorte de coñecer ao artista portugués instalado na bisbarra de Ferrol, Manuel Patinha. Dende aquela colaborei con Patinha nuns cantos proxectos, o máis

importante o que deu lugar a *Campo Santo* (López Torre, Pontedeume, 1994). Un libro de edición limitada —e carísima— de 22 exemplares, que en breve virá á luz de maneira máis ampla. Un libro, en fin, que xordeu a partir dunha serie de gravados do Patinha, a quen tamén se debe o título do volume, que eu illustrei literariamente cun feixe de poemas: un por gravado. Como é natural o contido dos poemas non é en absoluto unitario, senón que os temas aparecen en función dos gravados patinhos. Con todo, eu fiqui máis que contento, comprobando así mesmo que era factible o desafío sen caer en manierismos nin artificios. Hai en *Campo Santo* poemas culturalistas, impresionistas, evocativos e mesmo un no que reaparece Ana Andrea, un dos meus personaxes recorrentes. A experiencia, así as cousas, funcionou ratificando na tese que sempre sostiven de que a poesía está en todos os sitios e que abonda ter paciencia para apañala, a modiño porque, como dixera Rabbie Burns da felicidade, é cousa tímida e cómpre pillala mentres pasa. *O gato branco* (Espiral Maior, A Coruña, 1995), a ver como o digo, é o primeiro libro de poemas que aparecía diante miña como unha unidade en todos os sentidos. Como un invento no que o concepto e mais o estilo xurdían espontáneos ata prefigurar unha historia única. De amor a desamor (un gato branco era para min o símbolo de mágoa) contados en terceira persoa, maiormente, pero diante da cal eu non aturaba ser espectador pasivo senón que mudaba nun voyeur ou espiatruco (que é como dicimos en Ferrol aos que gustan de mirar os demais entregados a prácticas amorosas). *O gato branco* tivo unha certa recepción crítica e lectora que me fixo pensar que, se cadra, para outros estaba nun camiño que eu xa vía con claridade. E que me levaba a dúas cousas, a recoller a miña obra poética, ben peneirada, nunha antoloxía bilingüe, chamada *Billarda* (Huerta & Fierro, Madrid, 1999) cun prólogo, intelixente e incisivo como seu, de Fermín Bouza Álvarez, e a pór mans á obra a un proxecto longamente acariñado que remataría sendo *Río Matinal* (Espiral Maior, A Coruña, 2001). *Billarda*, o seu proceso de selección, permitiríame entre outras cousas analizar canto levaba feito no terreo poético nun proceso reflexivo que me serviría, daquela e despois, para depurar intencións e estratexias de xeito que dei mirado cun obxectivo amplo canto fixera (e errara e acertara, sempre segundo a miña óptica). Escollín ese título como homenaxe a un xogo que apenas practicara pero que vin practicar abondo na miña nenez, un xogo semellante ao beisbol pero con moita máis violencia e primitivismo. Un xogo, por

certo, levado adiante polos cativos que mira o agachado protagonista do meu poema «Verán do 36», esa obriña de miradas que xa estaba no meu libro *Xuvia*, que reaparecería en *Billarda*, na contracapa igualmente, e ao que eu me acollía como símbolo da miña poética observadora, contextualizada e reivindicativa. Un observador, si, así é como me vexo e como me viu un garda de seguridade do Metro de Madrid despois de comprobar que sen ser médico, como el pensara, ollaba impávido para un borracho (xa debidamente atendido, aclaro) que deitado na plataforma collían forza nun libro. Eu ollaba, naturalmente, para o título de libro tan prezado para quen en estado comatoso non o deixaba nin a tiros. Observador, chamoume o garda, e penso que tiña razón e dalgunha maneira, sen pretendelo, andábame a definir como escritor (e poeta). *Río Matinal* é un libro épico-lírico que eu viña aloumiñando desde que na miña primeira estada escocesa batera nunha vila chamada Paisley, situada non lonxe de Glasgow e onde eu fora cantar cunha parella de tunantes casteláns a un hotel do que non lembro o nome. En Paisley soubera dun tráxico suceso acontecido o derradeiro día do ano 1929 cando no transcurso dunha sesión matinal de cine, no Glen Cinema, houbera un incendio que levou consigo a vida dunha chea de cativos. O lume fora causado por unha cabicha e a traxedia intensificada porque as portas de emerxencia estaban fechadas con ferrollos para evitar que se coasen aqueles que non tiñan entrada. Este suceso desde aquela miña estada en Paisley viaxara comigo pero eu sabía que non ía dar razón poética del ata que conseguise a madurez humana e artística que me permitise dixerilo e poñelo no papel. Cando coidei que chegara a ese punto, a validez deste aserto xa non é cousa miña, procedín a levar adiante o traballlo. E pensei que se cadra non andaba errado cando comprobei que o meu discurso circulaba entremedias da conmoción e a racionalidade. *Río Matinal* foi escrito en tres partes: verso —digamos— convencional, prosa poética e verso libre e con el pechei un ciclo de vinte e cinco anos (1978-2002) que comezara en Escocia.

Fóra xa deste período de tempo escribín un par de libros, *Esquecín esquecer e 24 maneiras de escribir a Brian*, que farán a súa primeira saída en *Maneiras de querer*, de próxima publicación en Espiral Maior e que recolle a miña obra poética enteira.

Logo xa veremos que facer proxectos de futuro é cousa arriscada e os asuntos poéticos —e a inspiración— cuestión ventureira. Penso.

Majadahonda, xaneiro 2004

